

## POR QUE COMBATER O MATO AO CARÓN DOS CAMIÑOS?



- Propagan con facilidade o lume.
- En xeral, son especies moi invasoras de solos abandonados.
- A súa semente vese favorecida polo paso do lume.
- No verán conteñen moita materia leñosa seca.
- En condicións de vento e seca as velocidades de propagación poden acadar 100 metros/ minuto, o mesmo que unha persoa camiñando a paso rápido.
- Desprenden gran cantidade de calor.
- As labaradas poden acadar de 2 a 3 veces a altura do mato.
- Os crecementos da vexetación son maiores pola maior incidencia da luz.

<http://mediorural.xunta.es>

## TELÉFONOS DE INFORMACIÓN

DELEGACIÓNS PROVINCIAIS  
DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

A CORUÑA **981 18 45 33**

LUGO **982 29 45 27**

OURENSE **988 38 64 55**

PONTEVEDRA **986 80 54 58**

## PARA DAR ALARMA DE INCENDIO FORESTAL

Teléfono

# 085

Se a liña estivese ocupada  
pódese chamar ao teléfono

# 112

Para dar alarma de actividade incendiaria  
chamar á Garda Civil ao teléfono

# 062

TODAS ESTAS CHAMADAS SON GRATUÍTAS

SERIE DE TRÍPTICOS DIVULGATIVOS DA LEI 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais  
CAPÍTULO 1: VÍAS, CAMIÑOS E INCENDIOS FORESTAIS.




## VÍAS, CAMIÑOS E INCENDIOS FORESTAIS

(Lei 3/2007 de prevención de incendios forestais)



## OBRIGAS NAS VÍAS E CAMIÑOS

Por unhas beiras limpas e un monte ordenado.

Mantén as beiras dos camiños limpas de vexetación con maior facilidade para arder, polo menos, nos 2 metros dende a aresta exterior do camiño.




Evita que as pólas das árbores superen o límite da aresta do camiño impedindo un efecto túnel.




## POR QUE MANTER LIMPAS AS BEIRAS DOS CAMIÑOS?


A presenza de vexetación facilita que o lume pase o camiño.



Pola seguridade das persoas que transitan pola vía.



Para organizar mellor o combate do lume.



## DESTE XEITO:

- Evitarás o inicio dun lume ao carón da túa leira.
- Disporás de maior espazo de seguridade sen lume.
- Aumentarás a distancia á beira oposta do camiño ou vía, polo que de chegar un lume por esa banda reducirás a probabilidade de que este cruce o camiño polo salto das muxicas co vento e pola acción directa das lapas.
- Terás unha liña de seguridade e fuxida de terse producido un lume.
- Salvagardarás o teu investimento forestal.
- Non se formará un túnel de vexetación que facilite o paso do lume entre as pólas por riba da pista.

A continuidade entre o mato e as pólas das árbores pode provocar que o lume suba ás copas.

